

recursos contra o

RACISMO



QUE SIGNIFICA DISCRIMINAR?

Discriminar consiste en privar a unha persoa pola súa pertenza a un grupo humano dos mesmos dereitos dos que gozan outras. Unha conduta discriminatoria pode afectar a unha persoa ou grupo de persoas pola súa orixe, orientación ou identidade sexual, relixión, ideas, idade, xénero ou etnia. Moitas persoas racializadas, negras e/ou estranxeiras acostuman ser discriminadas en diversos ámbitos da súa vida: no acceso á vivenda, ao traballo, nos locais de ocio, nas relacións coa veciñanza. Tamén poden ser obxecto de insultos, ameazas ou agresións racistas pola súa condición de racializada/negra/estranxeira.

Adaptación da Federación SOS Racismo

A QUEN SEGUIR NAS REDES?

@afrocolectivx



@hijadeinmigrantes



Observatorio Español
de Racismo e
Xenofobia



@sosracismogalicia



A QUEN ACUDIR?

Se ti, a túa familia ou alguén que coñeces sofre racismo ou xenofobia, podes chamar a:

Oficina de Información e
Denuncia de SOS Racismo
Galicia

(+34) 881 963 797
(+34) 698 163 742

Servizo de Asistencia
e Orientación a
Vítimas de

Discriminación Racial
ou Étnica do CEDRE.
021

RECOMENDAMOS...

Se eres menor de idade, identifica a unha persoa adulta de confianza que che poida botar unha man:

1. Recompila os datos xerais:

- Da vítima ou vítimas.
- Hora e lugar onde ocorreran os feitos.
- Descrición do ocorrido.
- Pide a colaboración de persoas testemuñas.

2. Recolle probas documentais:

- Se é preciso, chama á policía para que levante acta.
- Se se produce nun establecemento comercial (bar, comercio, etc) pide a folla de reclamacións, redacta a queixa e queda cunha copia.
- Esixe que as declaracións de calquera administración pública sexan comunicadas por escrito.
- Fai fotos ou gravacións co móbil, poden ser moi útiles.